

Liceo Franciscano

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN



LICEO FRANCISCANO

EDITORIAL EL ECO FRANCISCANO
PROVINCIA FRANCISCANA DE SANTIAGO

Liceo Franciscano: Revista de estudio e investigación / Provincia Franciscana de Santiago. – 1º ep. Año I, nº 1 (enero, 1939) – Año XXIX, nº 87 (enero, 1976); 2ª ep. Año XXX, nº 88 (enero-diciembre, 1977) – Año LXVI, nº 207 (enero-diciembre, 2016); 3ª ep. Año LXVII, nº 208 (enero-junio, 2017). – Provincia Franciscana de Santiago : El Eco Franciscano, 1930 - .

v. : il. ; 23,5 cm

Semestral

D.L. C755-2003

ISSN 0211-4011

e-ISSN 2530-917X

902(05)

94(460.11)

703, 704, 204

DIRECCIÓN Y ADMINISTRACIÓN:

Convento de San Francisco

Campillo de San Francisco, 3 - Apartado 15

15705 - Santiago de Compostela

e-mail: contacto@liceofranciscano.es

Suscripción en papel y digital en www.liceofranciscano.es

Se solicita intercambio con revistas de temática semejante.

El Liceo Franciscano se recoge en las siguientes bases de datos:

ISOC (CSIC), DIALNET, LATINDEX, CIRC Y MIAR.

Imagen cubierta: Grabado a buril de Isabella Puccini representando la alegoría de la Iglesia Católica

Diseño, maquetación e impresión: ICONO Servicios Integrales S.L.

LICEO FRANCISCANO

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela

Año LXXIV (3ª Época)

Enero - Junio 2024

Núm. 222

LICEO FRANCISCANO

Revista de Estudio e Investigación

EDITA

EL ECO FRANCISCANO

PROVINCIA FRANCISCANA DE SANTIAGO

www.ecofranciscano.com

EQUIPO EDITORIAL

DIRECTOR

Juan Manuel Buján, OFM

SECRETARÍA

Carmen Martínez Vázquez
Biblioteca Franciscana de la Provincia de Santiago

ADMINISTRADOR

Joaquín Pulleiro Oro, OFM

CONSEJO DE REDACCIÓN

Enrique Mourille Feijoo, OFM
Archivo Franciscano de la Provincia de Santiago

Martín Carbajo, OFM
Universidad Pontificia Antonianum de Roma

Miguel de la Mata Merayo, OFM
Instituto Teológico Compostelano

Francisco Buide del Real.
Archivo y Biblioteca de la Catedral de Santiago

Antonio Gutiérrez González
Instituto Teológico Compostelano

www.liceofranciscano.es

Contacto: dirección@liceofranciscano.es
secretaría@liceofranciscano.es
contacto@liceofranciscano.es

ÍNDICE

<i>Presentación</i>	9
<i>• Historia, arte y patrimonio</i>	
LA "BOTICA" Y ENFERMERÍA DEL CONVENTO DE SAN FRANCISCO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA <i>Carmen Martínez Vázquez</i>	13
CREATIVIDAD FEMENINA EN EL CONVENTO: SOR ISABEL PICCINI. SUS GRABADOS EN LA BIBLIOTECA DEL CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE SANTIAGO <i>M^a Dolores Villaverde Solar</i>	33
EL ESCULTOR ANTONIO DE MEIS (1717-1792) un catálogo de obras en claro crecimiento <i>Luis Ángel Bermúdez Fernández</i>	53
UNA FUENTE INÉDITA EN SAN FRANCISCO DE SANTIAGO El <caño>. Testimonios literarios y arqueológicos de las fuentes compostelanas (Siglos X-XVIII) <i>Justo Carnicero Méndez-Aguirre</i>	77
<i>• Teología y Espiritualidad</i>	
A FAMILIA NO MAXISTERIO RECENTE E NA ESPRITUALIDADE FRANCISCANA <i>Martín Carbajo-Núñez</i>	91

• *Filosofía y Pensamiento*

INTELIXENCIA ARTIFICIAL E HUMANISMO DE FRATERNIDADE 111
Martín Carbajo-Núñez

• *Memoria Franciscana*

PROVINCIALES DE LA RESTAURACIÓN DE LA PROVINCIA DE SANTIAGO: 133
P. FRANCISCO HUERTA (1870-1959)
Juan Manuel Buján García

LICEO FRANCISCANO
Núm 222 (Enero-Junio 2024), pp. 93-112
ISSN 0211-4011
e-ISSN 2530-917X
D.L. C755-2003

Teología y Espiritualidad

**A FAMÍLIA NO MAXISTERIO RECENTE
E NA ESPIRITUALIDADE FRANCISCANA**

→ Martín Carbajo-Núñez*

* Pontificia Università Antonianum
ISTM, Alfonsianum
FST - University of San Diego (USA)
mcarbajo@sandiego.edu

A FAMILIA NO MAGISTERIO RECIENTE E NA ESPIRITUALIDADE FRANCISCANA

Resumen

Este artículo estudia la familia en el Magisterio eclesial reciente y en la espiritualidad franciscana. Además de reconocerla como base de la sociedad y primera escuela, la familia es propuesta también como modelo para expresar realidades teológicas y valores humanos fundamentales. Se empezará mostrando la importancia del concepto de familia en el Magisterio reciente (1ª parte) para después estudiar cómo la han asumido los franciscanos en su modo de entenderse, en su legislación y en el ejercicio de la autoridad (2ª parte). Finalmente, en la tercera parte, se indicará la visión franciscana de la creación como familia cósmica.

Palabras clave: Familia, Franciscanismo, Autoridad, Ecología, fraternidad

ABSTRACT

This article studies the family in the recent Magisterium and in Franciscan spirituality. Besides being recognized as the basis of society and its first school, the family is also proposed as a model to express some theological realities and fundamental human values. The paper begins by showing the importance of the concept of family in the Magisterium (1st part) and then it studies how the Franciscans have assumed it in their way of understanding themselves, in their legislation and in the exercise of authority (2nd part). Finally, the third part focuses on the Franciscan vision of creation as a cosmic family.

Keywords: Family, Franciscanism, Authority, Ecology, fraternity

Recibido/Received: 08/07/2023

Aceptado/Accepted: 18/01/2024

A reflexión teolóxica reconece que a familia é a base da sociedade e frecuentemente propoña como modelo para expresar conceptos teolóxicos e valores humanos fundamentais. Isto resulta especialmente evidente no Maxisterio eclesiástico recente e na espiritualidade franciscana. O Papa Francisco insiste en que necesitamos potenciar a vida familiar para poder avanzar cara a un futuro máis fraterno, “plasmado pola interdependencia e a corresponsabilidade”¹.

Por desgraza, estamos a asistir a unha crise da familia e a unha ruptura, a nivel global, das relacións gratuítas, fraternas e afectuosas que a caracterizan. Xoán Paulo II afirma que esta “decadencia da cultura do matrimonio está asociada a un aumento de pobreza e a unha serie de numerosos outros problemas sociais”, incluíndo a “crise de ecoloxía humana”².

O termo “familia” é frecuentemente aplicado non só á familia nuclear, baseada (ou non) no matrimonio, senón tamén á familia dos crentes³, á familia humana universal e á familia cósmica⁴. A el vai asociado o concepto de “fraternidade”, que o Papa Francisco pon en relación coa espiritualidade franciscana. Concretamente, afirma que “foi o testemuño evanxélico de san Francisco, coa súa escola de pensamento, o que deu a este termo [fraternidade] o significado que conservou ao longo dos séculos”⁵.

¹ FRANCISCO, «*Fratelli tutti*. Carta encíclica» (3.10.2020), [FT], 127, LEV, Cidade do Vaticano 2020. Cf. Id, «*Amoris Laetitia*. Exhortación apostólica post-sinodal» (19.03.2016), [AL], n. 194, en *Acta Apostolicae Sedis* [AAS], 108/4 (1.04.2016) 311-446.

² PAPA FRANCISCO, «Discurso no coloquio internacional sobre a complementariedade do home e a muller» (17.11.2014), n. 2, en AAS 106/12 (2014) 979-981. A crise da familia deu orixe a unha crise de ecoloxía humana”. Ibid.

³ *Catecismo da Igrexa católica*, [CCC], n. 854, LEV, Cidade do Vaticano 1997; cf. XOÁN PAULO II, «*Familiaris consortio*. Exhortación apostólica» (22.11.1981), [FC], n. 74, en AAS 74 (1982) 81-191.

⁴ Sobre o enfoque ecolóxico da familia: ANDREWS Mary P. - BUBOLZ Margaret M. - PAOLUCCI Beatrice, «An ecological approach to the study of the family», en *Marriage and family Review* 3 (1980) 29-49.

⁵ PAPA FRANCISCO, «“A fraternidade, principio regulador da orde económica”. Mensaxe á Academia pontificia de ciencias sociais con motivo de la sesión plenaria» (24.04.2017), n. 1, en *L'Osservatore Romano*, [OR], 99 (29.04.2017) 7.

Na primeira parte deste artigo mostraremos a importancia do concepto de familia no Maxisterio recente. Na segunda parte, estudaremos como o asumiron os franciscanos no seu modo de entenderse, na súa lexislación e na forma de exercer a autoridade. Finalmente, na terceira parte, indícase a visión franciscana da creación como familia cósmica⁶.

► IMPORTANCIA DA FAMILIA NO MAXISTERIO RECENTE

O Concilio Vaticano II revaloriza as relacións familiares e fraternas a todos os niveis. A Igrexa, afirma, “debe renovarse en Cristo e transformarse en familia de Deus”⁷. Con respecto aos consagrados, impulsa un estilo de vida máis fraterno e pide que os textos lexislativos sexan interpretados non con mentalidade casuística, senón á luz do que os fundadores viviron e quixeron expresar.

Promove así o paso da “vida común” á “vida fraterna”, é dicir, o cambio cara a un estilo máis familiar e menos regulado. Isto resulta evidente se compararmos o Código de Dereito Canónico de 1917 co CIC de 1983. O primeiro insistía na “regular observancia” e na uniformidade do estilo de vida, que se traducía nun cumprimento estrito de normas, horarios e elementos exteriores (comida, vestido, utensilios)⁸. O CIC de 1983, ao contrario, insiste na comunión fraterna⁹ (c. 602), na dimensión espiritual das relacións e nos vínculos de caridade: “Un instituto relixioso é unha sociedade na que os membros [...] viven vida fraterna en común” (CIC c. 607, 2).

Seguindo estas indicacións, a Regra franciscana deixa de ser vista prevalentemente como unha normativa, para ser colocada en relación co dinamismo vital e fraterno que ela propón e impulsa. Da mesma forma, as Constitucións xerais OFM retoman o termo “fraternidade”, tan querido por

96

⁶ Este artigo desenvolve o contido dunha conferencia que o autor impartiu no 7º simposio internacional de familioloxía, celebrado o 2.06.2023 na universidade de Warmia Ymazury, Olsztyn (Polonia). Tamén recolle algunhas ideas e parágrafos que desenvolvemos amplamente no noso libro: CARBAJO-NÚÑEZ M., *La fraternidad universal. Raíces franciscanas de Fratelli tutti*, Efarantzazu, Vitoria-Gasteiz 2022.

⁷ CONCILIO VATICANO II, «*Gaudium et spes*. Constitución pastoral» (07.12.1965), [GS], n. 40, en AAS 58 (1966), 1025-1120.

⁸ “En todas las religiones, se ha de observar diligentemente por todos la vida común, aun en aquellas cosas que pertenecen a la comida, vestido y ajuar”. “In quavis religione vita communis accurate ab omnibus servetur etiam in iis quae ad victum, vestitum et ad suppellectilem pertinent”. *Código de Dereito Canónico*, 1917, can. 594,1, en Internet: <https://www.iuscangreg.it/cic1917.php?lang=ES>.

⁹ *Código de Dereito Canónico*, [CIC], c. 602, editado por L. de Echeverría, BAC, Madrid 41984.